

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2022/4

DATA: xoves 24 de febreiro de 2022

LUGAR: Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 21:50 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA MÓNICA PICHEL GARCIA, que redacto esta acta.

ASISTEN

BNG  
ADELINA CES QUINTANS  
TOBIAS BETANZOS REGO  
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO  
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA  
PP  
GERMAN ALLUT VIDAL  
ALICIA CAROU ROMERO  
FRANCISCO RUBIO VICENTE  
PSdeG-PSOE  
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ  
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES  
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA  
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES  
Rianxo en Común-SON  
JULIAN BUSTELO ABUIN  
JULIO ALCALDE HERMO

AUSENTES

BNG  
RAQUEL GARCIA ABUIN  
PP  
MARIANO MOARES RIAL  
Ciudadanos  
SARA MARÍA RESUA PATIÑO

ORDE DO DÍA

**PARTE RESOLUTIVA:**

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 389,661 exp. 2022/G010/000004

1. NOMEAR AO PAVILLÓN MUNICIPAL DE RIANXO O NOME DE "PAVILLÓN MUNICIPAL JOSÉ MANUEL ABUÍN-CHEMA" ( EXPEDIENTE 2022/X999/000234)
2. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 15 E AO REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DE RIANXO ( R.E. nº 184 de 07.02.2022)
3. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á SUBVENCIÓN MUNICIPAL DO REPOBOAMENTO CON FRONDOSAS, COMA FRONTE DE RIQUEZA E SEGURIDADE PARA A VECIÑANZA ( R.E. nº 183 de 07.02.2022)
4. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O DÍA DE ROSALIA CASTRO
5. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO AS MOBILIZACIÓNS FEMINISTAS DO 8 DE MARZO E DEMANDA DOS COMPROMISOS PENDENTES.
6. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP CONTRA A EXCLUSIÓN FINANCEIRA

## **PARTE DE CONTROL**

1. DACIÓN DE DE ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
  - ACTA 01/2022 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 27.01.2022
2. DACIÓN DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE DO ARTIGO 10 DA ORDEMINISTERIAL DO 1 DE OUTUBRO DE 2012. PERÍODO: 4º TRIMESTRE DE 2021
3. ROGOS E PREGUNTAS

## **ACORDOS**

## **DELIBERACIÓNS**

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2022/G010/000004 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=C0cRFWUNicA>**

## PARTE RESOLUTIVA:

### **1 NOMEAR AO PAVILLÓN MUNICIPAL DE RIANXO O NOME DE “PAVILLÓN MUNICIPAL JOSE MANUEL ABUÍN-CHEMA” (EXPEDIENTE 2022/X999/000234)**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a proposta relativa a NOMEAR AO PAVILLÓN MUNICIPAL DE RIANXO O NOME DE “PAVILLÓN MUNICIPAL JOSE MANUEL ABUÍN-CHEMA”, sen ditame previo da Comisión Informativa. Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da proposta sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura da proposta presentada:

## ANTECEDENTES

1. Pasamento do funcionario municipal, José Manuel Abuín Abuín, adscrito ao Servizo de Deportes.
2. Proposta do Club Voleibol Rianxo de dar ao pavillón municipal de Rianxo o seu nome. Despois do seu pasamento, o Club Voleibol trasladou ao Servizo de Deportes esta proposta, xustificada polo seu traballo no club, no pavillón e, por extensión, no deporte rianxeiro.
3. Proposta social de dar coa mesma finalidade. Asemade, creouse un movemento espontáneo de apoio á iniciativa do club por parte da cidadanía.
4. Proposta en Xunta de Portavoces da Alcaldía a instancias do voceiro de Rianxo en Común, que a Alcaldía une ás demandas sociais e da Concellaría de Deportes. Recibiu a aprobación de todos os grupos por asentimento na citada xuntanza.
5. Consta informe do Técnico de Deportes do Concello que a continuación se transcribe:
6. “INFORME DEPARTAMENTO DE DEPORTES

Tendo en conta a solicitude de alcaldía de informe sobre os méritos que xustifican o recoñecemento a José M. Abuín mencionado o apartado anterior, informo:

1. Méritos laborais:
  1. José M. Abuín desempeñou o seu traballo no Concello de Rianxo durante 36 anos, sendo adscrito ao pavillón de Rianxo no ano 1993, do que foi conserxe ao longo de 26 anos.

2. No momento do seu pasamento era o traballador mais antigo do servizo de deportes, formando parte do mesmo case desde a súa creación. O seu compromiso co traballo e o deporte levárono a estender as súas labores mais alá das súas obrigas na conserxería e limpeza da instalación, colaborando na actividades municipais como árbitro, axudante de monitor, auxiliar na organización de eventos, operario de mantemento... Un exemplo de esforzo, compromiso e entrega profesional e persoal.
3. Nos seus anos no pavillón, atendeu a varias xeracións de rianxeiros, miles de persoas que asistían ás actividades municipais, aos eventos deportivos, que formaban parte dos clubs e dos colexios do Concello e aos que sempre estaba disposto a axudar a prol do desenvolvemento do noso deporte. A destacar a súa bonhomía e cordialidade no trato coa cidadanía.

## 2. Méritos deportivos:

1. Sempre exerceu de deportista. Futbolista nos seus anos mozos, xogou ao fútbol sala mais alá dos 60 anos. Nos últimos tempos afeccionouse ás andainas, saíndo a camiñar a diario.
2. No ámbito dos clubs foi adestrador nas categorías base do CD Unión e pasouse á xestión ao ser un dos fundadores e primeiros directivos do Club Voleibol Rianxo, do que foi secretario desde a súa creación no 2003 ata o 2015.
3. Polo seu traballo no deporte rianxeiro foi proposto en varias ocasións e por varios clubs distintos ao Premio ao Mérito Deportivo que se entrega na Gala do Deporte Rianxeiro que se celebra cada dous anos e que distingue a unha persoa con especial significación no deporte rianxeiro.

## CONCLUSIÓNS

Á vista do exposto, desde o servizo de deportes enténdese xustificada con méritos suficientes a proposta de dar ao pavillón o nome de Jose M. Abuín Abuín.

Rianxo, a 14 de febreiro de 2022 O técnico de deportes. Asdo. Ramón Villanustre Ordóñez”.

7. Providencia de alcaldía de data de 16.02.2022 solicitando informe da secretaria do Concello sobre procedemento a seguir.

8. Informe emitido pola secretaria do Concello en data de 17.02.2022.

Considerando o Informe asinado o 16 de febreiro de 2022 polo técnico de deportes, que entende xustificada con méritos suficientes a proposta de dar ao pavillón o nome de José M. Abuín Abuín.

E tendo en conta o consenso xeral da Corporación de Rianxo manifestada en reunión previa cos

voceiros dos grupos municipais da Corporación en xuntanza realizada ao efecto.

De conformidade co exposto, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Dar ao pavillón municipal de Rianxo o nome de “Pavillón Municipal José Manuel Abuín-Chema”.**

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

**2 PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 15 E AO REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DE RIANXO (R.E. nº 184 do 07.02.2022)**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a proposta relativa a MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 15 E AO REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DE RIANXO, sen ditame previo da Comisión Informativa. Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da proposta sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

A secretaria pide a palabra ao señor Alcalde para sinalar que tal e como informou ao Alcalde con motivo da formación da orde do día do pleno ordinario, a proposta formulada polo grupo municipal REC debería de terse incluído no punto de Rogos e Preguntas, entendendo que constitúe un Rogo dirixido ao Presidente da Corporación. Así mesmo sinala que calquera acordo relativo á modificación duna Ordenanza Fiscal e Regulamento municipal, precisa dun expediente administrativo.

A continuación, dáse lectura da proposta presentada:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O mercado municipal de Rianxo vén arrastrando dende fai tempo, practicamente dende o seu traslado á súa actual localización, unha importante carencia en canto ao número de postos ocupados e, en consecuencia, en canto ao volume de negocio que é capaz a xerar.

A pesar de que, como dicimos, a problemática é vella, nos últimos anos esta non se abordou coa suficiente firmeza. As accións que se levaron a cabo en relación á dinamización do mercado, ademais de gozaren de pouca continuidade, resultaron pouco eficientes tendo en conta a actual situación, na cal unicamente tres dos postos do mercado están ocupados.

Dende o punto de vista de Rianxo en Común, nun municipio coma o noso, para o cal o sector primario xoga un papel fundamental, en un contexto coma o actual, no que contar con redes de produción e distribución de produtos alimenticios de proximidade, contar cun mercado municipal vivo e que actúe como nodo desta rede necesaria resulta máis imprescindible que nunca.

Moi ao contrario, o mercado rianxeiro está hoxe moi lonxe do que debería ser. O cal, ademais, non deixa de ser unha rareza no contexto dos municipios da nosa contorna nos cales os diferentes mercados e prazas de abastos funcionan razoablemente ben.

A estas circunstancias, xa expostos en anteriores momentos polo Grupo Municipal de Rianxo en Común, acompañando a dita exposición de propostas para facerlles fronte, súmanselle outras que a experiencia nos foi mostrando e que, ao noso entender, é necesario remediar para procurar que se repitan á vez que incentivamos a ocupación da totalidade dos postos do mercado.

É por isto que Rianxo en Común lle PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE RIANXO A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

1. Que o Concello de Rianxo inicie un proceso dialogado entre os grupos do Goberno e os demais grupos da Corporación coa finalidade de modificar a ordenanza fiscal número 15, reguladora da taxa pola prestación de servizos no mercado municipal de Rianxo, así como do regulamento do mercado municipal de abastos de Rianxo.
2. Que, en relación á primeira, se reduza a taxa por prestación dos servizos a 1€ por metro cadrado ocupado.
3. Que, en relación ao regulamento, se modifique para que o órgano municipal competente poida autorizar a ocupación temporal dos postos de venda vacantes ata que se proceda á adxudicación formal da concesión administrativa e sen que isto chegue a xerar ningún tipo de dereitos."

Por parte do Voceiro do BNG indícase que están conformes coa proposta formulada sempre e cando se eliminen dous puntos do acordo de forma que se limite ao primeiro punto. Así fórmulase a seguinte ENMENDA á proposta presentada:

*"É por isto que Rianxo en Común lle PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE RIANXO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:*

1. *Que o Concello de Rianxo inicie un proceso dialogado entre os grupos do Goberno e os demais grupos da Corporación coa finalidade de modificar a ordenanza fiscal número 15, reguladora da taxa pola prestación de servizos no mercado municipal de Rianxo, así como do regulamento do mercado*

*municipal de abastos de Rianxo.”*

O voceiro de REC manifesta que está conforme e que non ten ningunha obxección.

Acto seguido sométese a votación a enmenda anteriormente transcrita, aprobándose por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen o Pleno da Corporación.

Seguidamente sométese a votación a Proposta coa enmenda indicada, e o Pleno da Corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta coa emenda sinalada resultando APROBADA nos seguintes termos:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mercado municipal de Rianxo vén arrastrando dende fai tempo, practicamente dende o seu traslado á súa actual localización, unha importante carencia en canto ao número de postos ocupados e, en consecuencia, en canto ao volume de negocio que é capaz a xerar.

A pesar de que, como dicimos, a problemática é vella, nos últimos anos esta non se abordou coa suficiente firmeza. As accións que se levaron a cabo en relación á dinamización do mercado, ademais de gozaren de pouca continuidade, resultaron pouco eficientes tendo en conta a actual situación, na cal unicamente tres dos postos do mercado están ocupados.

Dende o punto de vista de Rianxo en Común, nun municipio coma o noso, para o cal o sector primario xoga un papel fundamental, en un contexto coma o actual, no que contar con redes de produción e distribución de produtos alimenticios de proximidade, contar cun mercado municipal vivo e que actúe como nodo desta rede necesaria resulta máis imprescindible que nunca.

Moi ao contrario, o mercado rianxeiro está hoxe moi lonxe do que debería ser. O cal, ademais, non deixa de ser unha rareza no contexto dos municipios da nosa contorna nos cales os diferentes mercados e prazas de abastos funcionan razoablemente ben.

A estas circunstancias, xa expostos en anteriores momentos polo Grupo Municipal de Rianxo en Común, acompañando a dita exposición de propostas para facerlles fronte, súmanselle outras que a experiencia nos foi mostrando e que, ao noso entender, é necesario remediar paraprocurar que se repitan á vez que incentivamos a ocupación da totalidade dos postos do mercado.

É por isto que Rianxo en Común lle PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE RIANXO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Que o Concello de Rianxo inicie un proceso dialogado entre os grupos do Goberno e os demais grupos da Corporación coa finalidade de modificar a ordenanza fiscal número 15, reguladora da taxa pola prestación de servizos no mercado municipal de Rianxo, así como do regulamento do mercado municipal de abastos de Rianxo.”

### **3 PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE RIANXO EN COMÚN RELATIVA Á SUBVENCIÓN MUNICIPAL DO REPOBOAMENTO CON FRONDOSAS, COMA FRONTE DE RIQUEZA E SEGURIDADE PARA A VECIÑANZA (R.E. nº 183 de 07.02.2022)**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a proposta relativa a SUBVENCIÓN MUNICIPAL DO REPOBOAMENTO CON FRONDOSAS, COMA FRONTE DE RIQUEZA E SEGURIDADE PARA A VECIÑANZA , sen ditame previo da Comisión Informativa. Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da proposta sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

A secretaria pide a palabra ao señor Alcalde para sinalar que tal e como informou ao Alcalde con motivo da formación da orde do día do pleno ordinario, a proposta formulada polo grupo municipal REC debería de terse incluído no punto de Rogos e Preguntas, entendendo que constitúe un Rogo dirixido ao Presidente da Corporación. Así mesmo sinala que calquera acordo relativo á efectiva concesión dunha axuda/ subvención precisa dun expediente administrativo, inexistente no presente caso, polo que debe entenderse como un Rogo a materializar polo órgano competente.

Acto seguido dáse lectura da proposta presentada:

#### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Existe un consenso xeralizado entre as diferentes administración, ao respecto da necesidade de reverter o actual estado de abandono do noso monte. Máis para iso, resulta imprescindible no contexto actual, facelo economicamente rendible para a nosa veciñanza.

Que un monte coidado é menos vulnerable diante do permanente risco dun incendio, semella tan incontestablemente certo coma o feito de que a explotación sustentable da nosa masa forestal, podería supoñer unha saída produtiva clave para a veciñanza do noso Concello. Un verdadeiro dique de contención, en consecuencia, diante da asumida lacra do despoboamento. Falamos, pois, dun triplo enfoque económico, social e ambiental que, ao noso xuízo, debería pasar por subverter o actual paradigma curtopracista e de hexemonía das invasoras.

A este respecto unha das actuacións a través da cal poderíamos conseguir que os nosos montes foran algo máis produtivos é o establecemento dunha liña de axudas aos veciños/as que repoboen con árbores autóctonas que, no medio ou longo prazo, resulten moito máis rendibles.A concesión dunha axuda municipal para repoboar terreos forestais con frondosas, fomentaría, ademais, a necesaria limpeza das faixas de protección fronte aos incendios dos que puidéramos ser vítimas. Un decidido apoio ao mantemento destes espazos limpos, pola vía da aposta por especies autóctonas e que ben puidera ser directamente organizado polo Concello,



encargándoas este a un viveiro para, posteriormente, entregalas aos propietarios/as de terreos forestais que o soliciten.

Axudamos a cumprir, en definitiva, coa lexislación vixente en materia de protección contra os incendios forestais, a fin de que cando se produza un lume non teñamos que laiarnos.

Unha aposta municipal da que son exemplo Ames ou Ribadeo e que, non se trata de nada novo, senón da constatación de que ceras especies arbóreas dificultan a extensión dos incendios a diferenza de outras que, de feito, son cualificadas como pirófilas.

É por isto que Rianxo en Común lle PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE RIANXO A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

1. Que o Concello de Rianxo procede á delimitación e posterior publicidade dun prazo para a solicitude de axudas ao repoboamento con frondosas.
2. Que o Concello de Rianxo lle facilite aos interesados de solicitar na Casa Consistorial un formulario para pedir estas subvencións.
3. A posterior apertura dunha liña de axudas, delimitada previo consenso cos grupos con representación municipal, a través dunha partida específica nos Orzamentos de 2022 e establecida en función das solicitudes recibidas e da superficie afectada.
4. Que a entrega de plantas se configure a razón dunha árbore por cada 49 metros cadrados de superficie forestal e unha por cada 100 en fincas de uso agropecuario, de acordo co que establece a Lei de Montes de Galicia."

A voceira do PSOE sinala que están conformes coa proposta pero que os propietarios teñen que ser conscientes das súas obrigas na Lei de Montes. O señor Francisco Rubio di que non están conformes coa proposta porque as repoboacións frondosas xa están sido tidas en conta pola Xunta de Galicia, e que dado o minifundismo, que carece de sentido a proposta, que serían plantacións ínfimas.

Rematado o debate, por parte do Voceiro do BNG indícase que están conformes coa proposta formulada sempre e cando se eliminen tres puntos do acordo de forma que se limite ao terceiro punto. Así fórmulase a seguinte ENMENDA á proposta presentada:

*"É por isto que Rianxo en Común lle PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE RIANXO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:*

- 1. A apertura dunha liña de axudas, delimitada previo consenso cos grupos cos grupos con representación municipal, a través dunha partida específica nos Orzamentos de 2022 e establecida en función das solicitudes recibidas e da superficie afectada".*

O voceiro de REC manifesta que está conforme e que non ten ningunha obxección.

Acto seguido sométese a votación a enmenda anteriormente transcrita, aprobándose por 11 votos a favor ( 2 de REC+4 do PSOE+5 do BNG) e 3 en contra do PP.

Seguidamente sométese a votación a Proposta coa enmenda indicada, e o Pleno da Corporación, ACORDA aprobar, por 11 votos a favor ( 2 de REC+4 do PSOE+5 do BNG) e 3 en contra do PP, a proposta coa emenda sinalada resultando APROBADA nos seguintes termos:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Existe un consenso xeralizado entre as diferentes administración, ao respecto da necesidade de reverter o actual estado de abandono do noso monte. Máis para iso, resulta imprescindible no contexto actual, facelo economicamente rendible para a nosa veciñanza.

Que un monte coidado é menos vulnerable diante do permanente risco dun incendio, semella tan incontestablemente certo coma o feito de que a explotación sustentable da nosa masa forestal, podería supoñer unha saída produtiva clave para a veciñanza do noso Concello. Un verdadeiro dique de contención, en consecuencia, diante da asumida lacra do despoboamento. Falamos, pois, dun triplo enfoque económico, social e ambiental que, ao noso xuízo, debería pasar por subverter o actual paradigma curtopracista e de hexemonía das invasoras.

A este respecto unha das actuacións a través da cal poderíamos conseguir que os nosos montes foran algo máis produtivos é o establecemento dunha liña de axudas aos veciños/as que repoboen con árbores autóctonas que, no medio ou longo prazo, resulten moito máis rendibles. A concesión dunha axuda municipal para repoboar terreos forestais con frondosas, fomentaría, ademais, a necesaria limpeza das faixas de protección fronte aos incendios dos que puidéramos ser vítimas. Un decidido apoio ao mantemento destes espazos limpos, pola vía da aposta por especies autóctonas e que ben puidera ser directamente organizado polo Concello, encargándoas este a un viveiro para, posteriormente, entregalas aos propietarios/as de terreos forestais que o soliciten.

Axudamos a cumprir, en definitiva, coa lexislación vixente en materia de protección contra os incendios forestais, a fin de que cando se produza un lume non teñamos que laiarnos.

Unha aposta municipal da que son exemplo Ames ou Ribadeo e que, non se trata de nada novo, senón da constatación de que ceras especies arbóreas dificultan a extensión dos incendios a diferenza de outras que, de feito, son cualificadas como pirófilas.

É por isto que Rianxo en Común lle PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO DE RIANXO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1 A apertura dunha liña de axudas, delimitada previo consenso cos grupos con representación municipal, a través dunha partida específica nos Orzamentos de 2022 e establecida en función das solicitudes recibidas e da superficie afectada.”

#### **4 PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta sobre o día de Rosalía de Castro, sen ditame previo da Comisión Informativa. Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da proposta sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura da proposta presentada:

##### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

O Concello de Rianxo forma parte da rede de Concellos Amigos da Fundación Rosalía e os seus colectivos sociais e educativos teñen acceso de balde á Casa de Rosalía na Matanza en Padrón..

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

- Declarar o 23 de febreiro, Día de Rosalía, no noso concello.
- Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 23 de febreiro.

- Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.”

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## **5 PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO AS MOBILIZACIÓNS FEMINISTAS DO 8 DE MARZO E DEMANDA DOS COMPROMISOS PENDENTES**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a proposta relativa a APOIO AS MOBILIZACIÓNS FEMINISTAS DO 8 DE MARZO E DEMANDA DOS COMPROMISOS PENDENTES, sen ditame previo da Comisión Informativa. Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da proposta sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura da proposta presentada:

### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa máis de cen anos que o movemento feminista situou o 8 de marzo como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. No 2022 cúmprense cinco anos desde que o feminismo galego de base comezou a impulsar mobilizacións de apoio e impulso do que coñecemos como folga de mulleres, que puxo o foco no ámbito dos coidados e do consumo alén do económico e laboral e sen esquecer a importancia vital da loita contra a violencia machista.

A folga feminista xurdía coma un movemento internacional froito de varios acontecementos. Entre eles, dúas históricas mobilizacións a finais de 2016 en Polonia (contra o endurecemento da lexislación sobre o aborto) e sobre todo en Arxentina (folga impulsada polo movemento “Ni una menos” após o brutal asasinato de Lucía Pérez). Desde latinoamérica impulsouse un paro cara o 8 de marzo de 2016 que se foi estendendo a outros países, onde tiveron lugar paros, tanto produtivos, como de coidados e traballos non remunerados. En Galiza houbo conexión e solidariedade con estas loitas, desde os primeiros apoios simbólicos a folgas históricas precedidas, agás 2021 por mor da pandemia e as restricións de mobilidade, de históricas convocatorias de manifestación nacional en Vigo, Lugo ou Verín.

Durante estes anos, froito da presión social e do avance do feminismo como unha prioridade

para cada vez máis capas da sociedade, as institucións víronse obrigadas a reaccionar, como amosou a reapertura da sala de partos de Verín. Sen negar a importancia de avances e pasos dados neste último lustro, neste 2022 os colectivos feministas galegos de base están a apuntar aos compromisos pendentes de realización para que os sucesivos 8 de marzo non perdan o seu significado orixinal, converténdose nunha data rutineira no lugar dun motivo de reivindicación e loita.

A situación económica e social derivada da pandemia da covid-19, á que se suma a situación de precariedade e desigualdade previa, acrecentada polas decisións tomadas na crise financeira de 2008, recae de forma importante nas mulleres galegas. Segundo o último informe do Foro económico galego, de decembro de 2021, podemos constatar o maior impacto da crise entre as mulleres. Por exemplo, o 75,5% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galiza no último trimestre de 2021 foron mulleres, o emprego temporal medra máis nas mulleres, un 13,5% fronte a tan só un 3,2% entre os homes e teñen a maior taxa de temporalidade (28,2% fronte ao 23,9% no caso dos homes). Ademais, debemos recordar que malia as declaracións de intencións, a ilegal fenda salarial segue a ser unha realidade que en Galiza supera os 4.000 euros ao ano.

Á situación de desigualdade laboral, que o incumprimento da promesa de derogación da reforma laboral do PP por parte de PSOE e Podemos vai agravar, súmase a desigualdade derivada da falta de servizos públicos, que alimenta unha economía mergullada na que milleiros de mulleres traballan sen recoñecemento e condicións dignas. Así mesmo, seguen pendentes compromisos como a demandada ratificación do convenio 189 da OIT, que o goberno do Estado dicía ter en marcha hai un ano, máis aínda non se verificou e que é clave para a dignificación e protección das traballadoras do fogar.

No ámbito galego a Xunta de Galiza limitábase a aprobar plans propagandísticos que non teñen o orzamento e seguimento adecuado, e a incumprir a súa propia lei, como amosa o feito de que nin sequera teñan impulsado o correspondente Plan de igualdade no ámbito da función pública galega ou que se neguen a cumprir a lei de igualdade e elaborar unha estatística que amose o valor para a economía galega do traballo doméstico invisible que realizan millóns de galegas e amose a desigualdade real no reparto dos tempos nos fogares. Entre outras promesas incumpridas, podemos recordar que en marzo de 2019 o BNG impulsou un acordo no Parlamento Galego para o impulso de cláusulas de igualdade que o Partido Popular non pon en marcha. Así mesmo, desde hai anos reivindicamos a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004, para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade. A Xunta aproveitou o 25 de novembro de 2021 para prometer que reformaría aspectos, mais a día de hoxe nin se coñecen propostas nin hai un traballo de diálogo e participación co feminismo e coas organizacións sindicais.

Neste 2022 as mobilizacións arredor do 8 de marzo deben servir para sermos conscientes das cuestións pendentes e inaprazables da axenda feminista. Por estes motivos, desde o Bloque

Nacionalista Galego queremos recoñecer o papel do feminismo galego e instar ao cumprimento por parte das administracións dalgunhas das máis urxentes.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1º Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2022 sinalan os compromisos pendentes e incumplidos por diferentes institucións e ámbitos de responsabilidade e colocan novamente no centro do debate político e social as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.

2º Demandar da Xunta de Galiza o cumprimento do compromiso incumplido desde marzo de 2019 de impulsar cláusulas de igualdade na contratación pública galega contemplando, a partir do diálogo coas organizacións sindicais e sociais, as seguintes medidas: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación, así como unha comisión responsábel do seguimento do proceso, un informe anual, unha partida orzamentaria para sufragar a implantación e o impulso aquelas modificacións legais oportunas para blindar legalmente a obrigatoriedade da inclusión deste tipo de cláusulas na contratación pública galega.

3º Demandar da Xunta de Galiza a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004 para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade.

4º Demandar do goberno central que non siga demorando a tramitación da ratificación do convenio 189 da OIT e atenda as demandas dos colectivos de traballadoras do fogar para avanzar na súa dignificación e protección.

5º Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega. Así mesmo, demandar da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias.

6º Impulsar desde o Concello o expresado no II Plan de Igualdade para que sexa asumido como tal por todos os departamentos municipais."

O señor Alcalde indica que quere facer unha enmenda á proposta formulada consistente en modificar os puntos 4º e 5º do acordo para que queden redactados nos seguintes termos:

*"4º.- Demandar do goberno central que tramite o máis axiña posible o convenio 189 da OIT e atenda ás demandas dos colectivos de traballadoras no fogar para avanzar na súa dignificación e protección.*

*5º.- Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e estudar a súa transferencia á Comunidade autónoma galega.”*

Acto seguido sométese a votación a enmenda anteriormente transcrita, aprobándose por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen o Pleno da Corporación.

Seguidamente sométese a votación a Proposta coa enmenda indicada, e o Pleno da Corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta coa emenda sinalada resultando APROBADA nos seguintes termos:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa máis de cen anos que o movemento feminista situou o 8 de marzo como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. No 2022 cúmprense cinco anos desde que o feminismo galego de base comezou a impulsar mobilizacións de apoio e impulso do que coñecemos como folga de mulleres, que puxo o foco no ámbito dos coidados e do consumo alén do económico e laboral e sen esquecer a importancia vital da loita contra a violencia machista.

A folga feminista xurdía coma un movemento internacional froito de varios acontecementos. Entre eles, dúas históricas mobilizacións a finais de 2016 en Polonia (contra o endurecemento da lexislación sobre o aborto) e sobre todo en Arxentina (folga impulsada polo movemento “Ni una menos” após o brutal asasinato de Lucía Pérez). Desde latinoamérica impulsouse un paro cara o 8 de marzo de 2016 que se foi estendendo a outros países, onde tiveron lugar paros, tanto produtivos, como de coidados e traballos non remunerados. En Galiza houbo conexión e solidariedade con estas loitas, desde os primeiros apoios simbólicos a folgas históricas precedidas, agás 2021 por mor da pandemia e as restricións de mobilidade, de históricas convocatorias de manifestación nacional en Vigo, Lugo ou Verín.

Durante estes anos, froito da presión social e do avance do feminismo como unha prioridade para cada vez máis capas da sociedade, as institucións víronse obrigadas a reaccionar, como amosou a reapertura da sala de partos de Verín. Sen negar a importancia de avances e pasos dados neste último lustro, neste 2022 os colectivos feministas galegos de base están a apuntar aos compromisos pendentes de realización para que os sucesivos 8 de marzo non perdan o seu significado orixinal, converténdose nunha data rutineira no lugar dun motivo de reivindicación e loita.

A situación económica e social derivada da pandemia da covid-19, á que se suma a situación de precariedade e desigualdade previa, acrecentada polas decisións tomadas na crise financeira de 2008, recae de forma importante nas mulleres galegas. Segundo o último informe do Foro económico galego, de decembro de 2021, podemos constatar o maior impacto da crise entre as

mulleres. Por exemplo, o 75,5% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galiza no último trimestre de 2021 foron mulleres, o emprego temporal medra máis nas mulleres, un 13,5% fronte a tan só un 3,2% entre os homes e teñen a maior taxa de temporalidade (28,2% fronte ao 23,9% no caso dos homes). Ademais, debemos recordar que malia as declaracións de intencións, a ilegal fenda salarial segue a ser unha realidade que en Galiza supera os 4.000 euros ao ano.

Á situación de desigualdade laboral, que o incumprimento da promesa de derogación da reforma laboral do PP por parte de PSOE e Podemos vai agravar, súmase a desigualdade derivada da falta de servizos públicos, que alimenta unha economía mergullada na que milleiros de mulleres traballan sen recoñecemento e condicións dignas. Así mesmo, seguen pendentes compromisos como a demandada ratificación do convenio 189 da OIT, que o goberno do Estado dicía ter en marcha hai un ano, máis aínda non se verificou e que é clave para a dignificación e protección das traballadoras do fogar.

No ámbito galego a Xunta de Galiza limitábase a aprobar plans propagandísticos que non teñen o orzamento e seguimento adecuado, e a incumprir a súa propia lei, como amosa o feito de que nin sequera teñan impulsado o correspondente Plan de igualdade no ámbito da función pública galega ou que se neguen a cumprir a lei de igualdade e elaborar unha estatística que amose o valor para a economía galega do traballo doméstico invisible que realizan millóns de galegas e amose a desigualdade real no reparto dos tempos nos fogares. Entre outras promesas incumpridas, podemos recordar que en marzo de 2019 o BNG impulsou un acordo no Parlamento Galego para o impulso de cláusulas de igualdade que o Partido Popular non pon en marcha. Así mesmo, desde hai anos reivindicamos a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004, para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade. A Xunta aproveitou o 25 de novembro de 2021 para prometer que reformaría aspectos, mais a día de hoxe nin se coñecen propostas nin hai un traballo de diálogo e participación co feminismo e coas organizacións sindicais.

Neste 2022 as mobilizacións arredor do 8 de marzo deben servir para sermos conscientes das cuestións pendentes e inaprazables da axenda feminista. Por estes motivos, desde o Bloque Nacionalista Galego queremos recoñecer o papel do feminismo galego e instar ao cumprimento por parte das administracións dalgunhas das máis urxentes.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1º Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2022 sinalan os compromisos pendentes e incumpridos por diferentes institucións e ámbitos de



responsabilidade e colocan novamente no centro do debate político e social as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.

2º Demandar da Xunta de Galiza o cumprimento do compromiso incumprido desde marzo de 2019 de impulsar cláusulas de igualdade na contratación pública galega contemplando, a partir do diálogo coas organizacións sindicais e sociais, as seguintes medidas: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación, así como unha comisión responsábel do seguimento do proceso, un informe anual, unha partida orzamentaria para sufragar a implantación e o impulso aquelas modificacións legais oportunas para blindar legalmente a obrigatoriedade da inclusión deste tipo de cláusulas na contratación pública galega.

3º Demandar da Xunta de Galiza a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004 para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade.

4º Demandar do goberno central que tramite o máis axiña posible o convenio 189 da OIT e atenda ás demandas dos colectivos de traballadoras no fogar para avanzar na súa dignificación e protección.

5º Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e estudar a súa transferencia á Comunidade autónoma galega.

6º Impulsar desde o Concello o expresado no II Plan de Igualdade para que sexa asumido como tal por todos os departamentos municipais.”

## **6 PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP CONTRA A EXCLUSIÓN FINANCEIRA**

A petición do voceiro do PP propoñente da mesma se acorda por unanimidade dos presentes en aplicación do previsto no artigo 92 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais a retirada da orde do día deste punto.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **1 DACIÓN DE CONTA DAS XUNTAS DE GOBERNO DO MES DE XANEIRO DE 2022**

A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

A) Acta da Xunta de Goberno Local:

- Acta 1/2022 da sesión extraordinaria do 27.01.2022

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

**2 DACIÓN DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE DO ARTIGO 10 DA ORDE MINISTERIAL DO 1 DE OUTUBRO DE 2012. PERÍODO: 4º TRIMESTRE DE 2021**

Dáse lectura da proposta presentada:

Expte.: 2022/X998/000017

De acordo co artigo 10 Real Decreto-lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o financiamento dos pagos a provedores, dáselle conta ao Pleno do informe de Intervención de seguimento do Plan de axuste do 4º trimestre de 2021, remitido ao Ministerio de Facenda o 31/01/2022:

---

**Informe trimestral de seguimento do Plan de axuste do artigo 10 da Orde Ministerial do 1 de outubro de 2012. Período: 4º trimestre de 2021**

Expte.: 2022/X998/000017

**1. NORMATIVA APLICABLE**

- Real Decreto Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan as obrigacións de información e os procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais
- Real Decreto Lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o financiamento dos pagos a provedores
- Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

**2. ANTECEDENTES DE FEITO**

Mediante acordo plenario de data do 30 de marzo de 2012, o Concello de Rianxo aprobou o Plan de Axuste do mecanismo de pago a provedores de conformidade co regulado no artigo 7 do RD Lei 4/2012, acorde ao modelo previsto na Orde HAP/537/2012, do 9 de marzo, pola que se aproban o modelo de certificado individual, o modelo para a súa solicitude e o modelo de plan de

axuste.

O Ministerio de Administracións Públicas, a través da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, con data 30 de abril de 2012 emitiu informe favorable a este Plan de Axuste.

O desenvolvemento regulamentario a que se refire o artigo 10 da Real Decreto Lei 7/2012, de marzo, realizouno o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, que no seu artigo 10, recolle que:

*"1. A Administración que conte cun plan de axuste acordado co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, durante a súa vixencia, deberá remitir ao mencionado Ministerio antes do día quince de cada mes, no caso da Comunidade Autónoma, e antes do día quince do primeiro mes de cada trimestre no caso da Corporación Local, información sobre, polo menos, os seguintes extremos:*

*Avais públicos recibidos e operacións ou liñas de crédito contratadas identificando a entidade, total do crédito dispoñible e o crédito disposto.*

*Débeda comercial contraída clasificada pola súa antigüidade e o seu vencemento. Igualmente, incluírase información dos contratos subscritos con entidades de crédito para facilitar o pago a provedores.*

*Operacións con derivados.*

*Calquera outro pasivo continxente.*

*Análise das desviacións producidas no calendario de execución ou nas medidas do plan de axuste.*

*2. No caso de que sexa unha Comunidade...*

*3. As Corporacións Locais deberán remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas antes do día quince de xaneiro de cada ano ou antes do día quince do primeiro mes de cada trimestre, se se trata de Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o informe sobre a execución do plan de axuste, co seguinte contido mínimo:*

*Resumo trimestral do estado de execución do orzamento. Se se trata de Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais tamén se incluírá información referida á previsión de liquidación do exercicio, considerando a execución trimestral acumulada.*

*Execución das medidas de ingresos e gastos previstas no Plan e, no seu caso, das medidas adicionais adoptadas.*

*Comparación dos detalles informativos anteriores coas previsións contidas no Plan para ese ano e explicación, no seu caso, das desviacións."*

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, liberou a plataforma de captura de datos relativa ao "Informe de seguimento do plan de axuste aprobado e outra información conforme

aos apartados 4 e 6 da disposición adicional primeira da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira”, plataforma que estará dispoñible ata o 31 de xaneiro deste ano.

Hai que poñer de manifesto que a contabilidade non está pechada, afectando especialmente os ingresos, polo que os resultados deste informe teñen o carácter de provisionais, debendo contrastarse cos que se deriven da liquidación do exercicio 2021.

### 3. INFORME

#### 3.1 Cuantificación das medidas previstas no Plan de Axuste

##### 3.2.1 Medidas de ingresos

A información para fornecer no seguimento trimestral do Plan de Axuste, de conformidade co regulado no artigo 10 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, é a seguinte, coas explicacións que se indican ao pé de cada cadro:

Descripción medida de ingresos	Dato del plan de ajuste	Ajustes acumulados en ejercicios anteriores	Ejecución trimestral realizada (acumulada)				Proyección anual 2021 estimada	Ajustes acumulados hasta el presente ejercicio	Desviación de la estimación anual / plan de ajuste
			1 trimestre	2 trimestre	3 trimestre	4 trimestre			
Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exenciones y bonificaciones voluntarias,	857.91	878.04	0.00	0.00	0.00	90.11	90.11	968.15	12.84%
Medida 2: Refuerzo de la eficacia de la recaudación ejecutiva y voluntaria (firma de convenios de colaboración con Estado y/o CCAA)	604.39	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	-100.00%
Medida 3: Potenciar la inspección tributaria para descubrir hechos imposables no gravados	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00%
Medida 4: Correcta financiación de tasas y precios públicos	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00%
Medida 5: Otras medidas por el lado de los ingresos	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00%
<b>AHORRO TOTAL GENERADO POR LAS MEDIDAS relativas a ingresos CORRIENTES</b>	<b>0.00</b>	<b>935.43</b>	<b>0.00</b>	<b>0.00</b>	<b>0.00</b>	<b>90.11</b>	<b>90.11</b>	<b>1,025.54</b>	<b>0.00%</b>

Descripción medida de ingresos	Dato del plan de ajuste	Ajustes acumulados en ejercicios anteriores	Ejecución trimestral realizada (acumulada)				Proyección anual 2021 estimada	Ajustes acumulados hasta el presente ejercicio	Desviación de la estimación anual / plan de ajuste
			1 trimestre	2 trimestre	3 trimestre	4 trimestre			
Ahorro total generado por las medidas relativas a ingresos	1,462.30	878.04	0.00	0.00	0.00	90.11	90.11	968.15	-33.79%

### Medida 1. Subidas tributarias, supresión de exencións e bonificacións voluntarias

A continuación preséntanse os datos contabilizados a data de 31/01/2021, con carácter provisional por estar pendente o peche da contabilidade.

As medidas adoptadas en relación ao IBI do exercicio 2020 foron as seguintes:

- Aumento da base liquidable como consecuencia da redución do coeficiente reductor derivado do Relatorio de Valores aprobada en 2012.

Con todo, ponse de manifesto que a contabilidade non está pechada e que, por tanto, quedan ingresos pendentes de imputar presupuestariamente, o que supón que na liquidación os datos poden variar.

As medidas de carácter tributario incluídas no Plan de Axuste sustentábanse principalmente no IBI, que foi o principal motor do incremento dos ingresos correntes e do aforro municipal. No informe de seguimento do cuarto trimestre do 2019 poñíase de manifesto que o aforro derivado das medidas tributarias deixaba a súa tendencia crecente e reducíase con respecto do exercicio anterior, previsiblemente polas reducións do tipo de gravame do IBI que compensaban o incremento derivado do incremento da base liquidable:

IBI e IVTM MEDIDA 1	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
DRN previstos Plan ajuste	1,649,399.15	1,667,889.15	1,741,339.15	1,849,589.15	1,958,349.15	2,049,839.15	2,159,819.15	2,159,820.15	2,324,319.15
Medida prev. Plan ajuste	1,649,399.15	18,490.00	91,940.00	200,190.00	308,950.00	400,440.00	491,930.00	583,430.00	674,920.00
Prev. Anual Informe seguim/DRN	1,649,399.15		1,857,378.93	2,035,555.40	2,155,700.40	2,141,686.47	2,084,295.13	2,483,691.41	2,291,062.68
Ahorro anual Informe seguim	0.00	0.00	207,979.78	386,156.25	506,301.25	492,287.32	434,895.98	834,292.26	641,663.53
Ahorro anual informado Inf Seg	0.00	0.00	1,336,540.00	386,156.25	506,301.25	492,287.32	434,895.98	834,292.26	641,663.53
Proyección anual Informe seguim		0.00	1,336,540.00	-950,383.75	120,145.00	-14,013.93	-57,391.34	399,396.28	-192,628.73
Proyección trimestral				-950,383.75	0.00	-3,232.54	-57,391.34	399,396.28	-192,628.73

A partir do exercicio 2019 non se acordou a redución do tipo de gravame para os anos 2020 e

2021, co que se recuperou a tendencia alcista, tomando o maior valor de dereitos recoñecidos netos do período 2011-2020. Con todo, deberá esperarse aos datos definitivos da liquidación orzamentaria.

IBI e IVTM MEDIDA 1	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
DRN previstos Plan ajuste	1,649,399.15	1,667,889.15	1,741,339.15	1,849,589.15	1,958,349.15	2,049,839.15	2,159,819.15	2,159,820.15	2,324,319.15	2,415,809.15	2,507,309.15
Medida prev. Plan ajuste	1,649,399.15	18,490.00	91,940.00	200,190.00	308,950.00	400,440.00	491,930.00	583,430.00	674,920.00	766,410.00	857,910.00
Prev. Anual Informe seguim/D RN	1,649,399.15		1,857,378.93	2,035,555.40	2,155,700.40	2,141,686.47	2,084,295.13	2,442,185.83	2,291,062.68	2,527,426.24	2,617,535.47
Ahorro anual Informe seguim	0.00	0.00	207,979.78	386,156.25	506,301.25	492,287.32	434,895.98	792,786.68	641,663.53	878,027.09	968,136.32
Ahorro anual informado Inf Seg	0.00	0.00	1,336,540.00	386,156.25	506,301.25	492,287.32	434,895.98	792,786.68	641,663.53	878,027.09	968,136.32
Proyección anual Informe seguim		0.00	1,336,540.00	950,383.75	120,145.00	-14,013.93	57,391.34	357,890.70	151,123.15	277,869.16	90,109.23
Proyección trimestral				950,383.75	0.00	-773,039.99	57,391.34	357,890.70	151,123.15	277,869.16	90,109.23

## Medida 2. Reforzo da eficacia da recadación executiva e voluntaria (firma de convenios de colaboración co Estado e/ou CCAA)

Non se coñece ningunha medida respecto diso.

### Ingresos correntes

Os datos provisionais da contabilidade lanzan un incremento do 9,04 por cento dos ingresos correntes con respecto das previsións do Plan de Axuste para 2021. Os ingresos non financeiros tamén se incrementan nun 13,06 por cento, por efecto do incremento tanto dos ingresos correntes como os de capital.

Se se realiza a comparación cos datos da liquidación do ano 2020, obsérvase unha redución de todos os tipos de ingresos. Con todo, haberá que esperar aos resultados da liquidación orzamentaria, xa que quedan dereitos recoñecidos pendentes de contabilización.

Ingresos	4T 2021	PAX	2020	%Variación 4T 2021-PAX	%Variación 4T 2021-2020
Ingresos correntes	7,537.40	6,912.22	8,440.15	9.04%	-10.70%
Ingresos de capital	412.84	119.70	628.48	244.90%	-34.31%

Ingresos	4T 2021	PAX	2020	%Variación 4T 2021-PAX	%Variación 4T 2021-2020
Ingresos no financieros	7,950.24	7,031.92	9,068.63	13.06%	-12.33%
Ingresos financieros	380.15	0.00	120.51		215.45%
Ingresos totales	8,330.39	7,031.92	9,189.14	18.47%	-9.35%

### 3.2.2 Medidas de gastos

Descripción medida de gastos	Dato del plan de ajuste	Ajustes acumulados en ejercicios anteriores	Ejecución trimestral realizada (acumulada)						Proyección anual 2020 estimada	Ajustes acumulados hasta el presente ejercicio	Desviación de la estimación anual / plan de ajuste
			1 trimestre	2 trimestre	3 trimestre	4 trimestre					
Ahorro en capítulo 1 (medidas 1,2,3,4,5 y 6)	322.44	283.29	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	283.29	-12.14%	
Ahorro en capítulo 2 (medidas 7,9,10,12,13,14 y 15)	87.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	-100.00%	
Ahorro en capítulo 4 (medida 8)	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00		
Ahorro en capítulo 6 (medida 11)	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00		
Ahorro en otras medidas de gasto (medida 16)	52.06	-91.82	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	-132.98	-224.80	-531.80%	
De ellas (medida 16) otras medidas de gasto corriente		0.00						-132.98			
De ellas (medida 16) otras medidas de gasto no corriente											
<b>AHORRO TOTAL GENERADO POR LAS MEDIDAS relativas a gastos CORRIENTES</b>	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	-132.98			
<b>Ahorro total generado por las medidas relativas a gastos</b>	461.50	191.47	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	-132.98	58.49	-87.33%	

#### Medida 1. Redución de custos de persoal (redución de soldos ou efectivos)

Nos informes de seguimento do 2014 fíxose constar en canto á cuantificación desta medida as seguintes limitacións atopadas:

*“Nos anteriores informes de seguimento anuais consignouse un importe de aforro anual para o que non se presenta o detalle do seu cálculo. A esta dificultade engádeselle que o montante de obrigacións recoñecidas do capítulo 1 non serve como referencia, xa que habería que eliminar o gasto subvencionado. Así, óptase por calcular o aforro anual do 2014 con respecto do 2013, co que o aforro acumulado desde o 2011 determínase sumando aquela cantidade ao dato consignado no informe de seguimento do ano anterior*

(2013).

No ano 2013, aprobouse a amortización de dúas prazas de persoal laboral, prazas que non se incluíron no anexo de persoal do ano 2014. Aínda que o orzamento do exercicio corrente entrou en vigor o 10/10/2014, as súas previsións xa nos serven para estimar as obrigacións recoñecidas netas, pois a 30/09/2014 a aprobación xa fora elevada a definitiva.

Núm. PEEPR	Plaza	Programa de gasto
07	Oficial conductor 1ª	453
15	Operario/a limpeza	231

Para calcular o aforro 2014-13 aplícase a seguinte metodoloxía:

**1. Cálculo do gasto realizado en 2013 por esas prazas, xa que foron amortizadas despois de quedar vacantes, o que se produciu no curso do exercicio.**

Isto determínase a partir da aplicación informática de nóminas o gasto realizado para os traballadores que ocupaban ditas prazas (códigos de emprego núm. 6360 e 2740, respectivamente).

**2. Cálculo de que parte de crédito asignado ás devanditas prazas transferiuse a outras aplicacións orzamentarias de persoal.**

De ser así, aínda que os traballadores afectados pola amortización das prazas non xerasen gasto, si habería un maior gasto derivado da utilización dese aforro.

**3. Cálculo do gasto realizado en 2014 por estas prazas.**

Dado que no ano 2014 non se consignou crédito nesas prazas, xa que foron amortizadas, o gasto é, necesariamente, cero."

Rafaela Alcalde Varela  
(cód: 2740 y prog.231)

PEEPR núm. 15											
	ORN 2013	CI 2014	Aforro 2014-13	CI 2015	Aforro 2015-14	CI 2016	Aforro 2016-15	CI 2017	Aforro 2017-16	CI 2018	Aforro 2018-17
Custos retributivos	12.518,78	0,00	12.518,78	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
SS	1.318,96	0,00	1.318,96	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Retribu transferidas a outro persoal	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>Total</b>	<b>13.837,74</b>	<b>0,00</b>	<b>13.837,74</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>



José M<sup>a</sup> Rial Rguz (cód:  
6360 y prog. 453)

PEEPR núm. 07	ORN 2013	CI 2014	Aforro 2014-13	CI 2015	Aforro 2015-14	CI 2016	Aforro 2016-15	CI 2017	Aforro 2017-16	CI 2018	Aforro 2018-17
Custos retributivos	5.054,56	0,00	5.054,56	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
SS	1.837,25	0,00	1.837,25	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Retribu transferidas a outro persoal	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>Total</b>	<b>6.891,81</b>	<b>0,00</b>	<b>6.891,81</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>

Gastos de persoal Medida 1	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Gasto previsto/realizado Plan Ajuste	2.451.208,00	2.188.808,00	2.128.768,00	2.128.768,00	2.128.768,00	2.128.768,00	2.128.768,00	2.128.768,00
Ahorro previsto Plan Ajuste		262.400,00	322.440,00	322.440,00	322.440,00	322.440,00	322.440,00	322.440,00
Variación ahorro anual Plan Ajuste		262.400,00	60.040,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Ahorro anual informado Inf Seg	0,00	262.560,00	262.560,00	283.289,55	283.289,55	283.289,55	283.289,55	283.290,55
Proyección anual Informe seguim		262.560,00	0,00	20.729,55	0,00	0,00	0,00	0,00
Proyección trimestral				20.729,55	0,00	0,00	0,00	0,00

### Medida 10. Redución de contratos menores

A data de hoxe tense coñecemento da preparación de varias licitacións relativas a servizos con importancia económica importante, pero que non chegaron á fase de aprobación do expediente. Por tanto, non se establece ningunha previsión, por agora.

### Medida 11. Non execución de investimento previsto inicialmente

Non se ten coñecemento deste tipo de medidas.

### Medida 16. Outras medidas polo lado dos gastos

Esta medida, de carácter xenérico, que consiste na redución do capítulo 4 de gastos, pódese

avaliar tendo en conta, unicamente, previsións definitivas do capítulo 4, aínda que se trata do orzamento prorrogado. Así, levouse a cabo unha comparativa entre os datos da contabilidade dos exercicios pechados e os datos dos informes de seguimento. A continuación móstrase este proceso:

Transferencias Medida 16	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Gasto previsto/realizado	101,158.4 <sub>4</sub>	73,779.03	115,740.66	145,956.94	102,249.32	115,773.9 <sub>5</sub>	135,107.1 <sub>6</sub>	263,182.4 <sub>3</sub>	277,895.1 <sub>0</sub>	192,986.1 <sub>3</sub>	325,964.90
Medida prev. Plan ajuste	0.00	40,000.00	52,060.00	52,060.00	52,060.00	52,060.00	52,060.00	52,060.00	52,060.00	52,060.00	52,060.00
Prev. Anual Informe seguim/DR N	0.00	40,000.00	0.00	49,098.44	49,098.44	49,098.44	49,098.44	49,098.44	49,098.44	49,098.44	49,098.44
Ahorro anual informado Inf Seg	0.00	40,000.00	40,000.00	-44,798.50	-1,090.88	-14,615.51	-33,948.72	162,023.9 <sub>9</sub>	176,736.6 <sub>6</sub>	91,827.69	224,806.46
Proyección anual Informe seguim		40,000.00	0.00	-84,798.50	43,707.62	-13,524.63	-19,333.21	128,075.2 <sub>7</sub>	14,712.67	84,908.97	132,978.77
Proyección trimestral				-84,798.50	0.00	-13,524.63	-19,333.21	128,075.2 <sub>7</sub>	14,712.67	84,908.97	132,978.77

Desde o exercicio 2011 realmente non se produciu unha redución de transferencias e subvencións en termos acumulados ata o exercicio corrente. No exercicio 2021 houbo un incremento considerable do gasto en concepto de transferencias e subvencións.

### Gastos correntes

Con respecto ao comportamento dos gastos correntes, produciuse un incremento moi relevante dos gastos con respecto das previsións do Plan de Axuste para o exercicio 2021, xa que dita desviación é do 68,37 por cento. Trátase dun comportamento do que vén advertindo no últimos exercicio. Ademais trátase dunha desviación máis marcada que nos ingresos correntes, o que provocará un peor dato do aforro neto.

No resto de categorías de gasto prodúcese o mesmo comportamento: importante desviación con respecto da previsión do Plan de Axuste.

Gastos	4T 2021	PAX	2020	%Variación 4T 2021-PAX	%Variación 4T 2021-2020
Gastos corrientes	8,239.73	4,893.93	7,145.33	68.37%	15.32%
Gastos de capital	589.12	126.00	801.84	367.56%	-26.53%
Gastos no financeiros	8,828.85	5,019.93	7,947.17	75.88%	11.09%
Gastos financeiros	149.23	186.68	117.51		26.99%
Gastos totales	8,978.08	5,206.61	8,064.68	72.44%	11.33%

Do mesmo xeito que en exercicios anteriores, obsérvase un maior crecemento porcentual dos gastos correntes sobre os ingresos correntes. Por outra banda, se se realiza a comparación coa liquidación

orxamentaria do 2020, os gastos correntes tamén experimentan un incremento.

### 3.2.3 Magnitudes orxamentarias e de endebedamento

Cantidades en miles de euros	Dato del plan de ajuste	Deuda viva a 31/12/2021	Desviación de la estimación anual/plan de ajuste
Deuda viva	0,00	2.726,35	0,00%
A corto plazo (operaciones de tesorería)	0,00	0,00	0,00%
A largo plazo	0,00	2.726,35	0,00%
Pago a proveedores			
Resto de operaciones endeudamiento a largo plazo	0,00	2.726,35	0,00%

O máis destacable deste apartado é o tipo de endebedamento municipal. Así, se no Plan de Axuste estimábase que a única débeda financeira que tería o concello sería a do pago a provedores co Fondo para o Financiamento do Pago a Provedores ( FFPP), a realidade é outra. A débeda co devandito organismo é nula e asumíuse nova débeda financeira, tanto con entidades financeiras como con Administracións Públicas, como é o caso da Deputación. Esta entidade está a ofrecer nos seus plans anuais de obras e servizos préstamos a longo prazo para amortizar anticipadamente débeda bancaria ou para acometer investimentos.

Con todo, os maiores ingresos correntes permiten que o aforro neto mantéñase positivo, aínda que con peores previsións que en Plan debido ás desviacións dos gastos correntes:

Descripción	Plan de ajuste	2020	Variación
Ahorro bruto	2.018,29	-702,33	-134,79%
Ahorro neto	1.831,61	-851,56	-146,49%
Ahorro neto después de aplicar el remanente de tª		93,30	
Saldo de operaciones no financieras	2.011,99	-878,61	-143,66%
Ajustes SEC	-407,48	584,11	-243,34%
Capacidad/necesidad de financiación	1.604,51	-294,50	-118,35

Dos datos provisionais da contabilidade a 31/12/2021 estímase un incumprimento do obxectivo de estabilidade orxamentaria. Con todo, esta previsión debe considerarse de modo moi prudente, xa que hai operacións de ingresos pendentes de contabilizar, o que pode investir o resultado final. Haberá que esperar ao peche da contabilidade e a aprobación da liquidación orxamentaria.

### 3.2.4 Avance do remanente de tesourería

O dato do remanente de tesourería prevese positivo:

Cantidades en miles de euros	Datos del Plan de ajuste	Avance	Desviación (%)
Remanente de tª gastos generales	3.516,22	194,09	-94,48

Cantidades en miles de euros	Datos del Plan de ajuste	Avance	Desviación (%)
Exceso de financiación afectada		453,52	
Saldos de dudoso cobro	208,36	1.596,51	666,22

### 3.3 Información de avais recibidos do sector público

Non consta que se recibiron

### 3.4 Información sobre operacións ou liñas de crédito contratadas e contratos subscritos con entidades de crédito para facilitar o pago a provedores

Actualizouse a CIR local actualizando a débeda viva a 31/12/2021.

### 3.5 Informe trimestral de seguimiento de débeda comercial

(En miles de euros)	Antigüedad (fecha recepción de facturas)							Total
	Año 2021				Año 2020	Año 2019	Ejercicios anteriores	
Obligaciones reconocidas pendientes de pago clasificadas por antigüedad	1T	2T	3T	4T				
Capítulo 2	7.27	6.67	1.66	35.94	1.08	0.00	20.91	<b>73.53</b>
Capítulo 6		0.00	0.08	16.46	5.25			<b>21.79</b>
Otra deuda comercial			0.00					<b>0.00</b>
<b>Total</b>	<b>7.27</b>	<b>6.67</b>	<b>1.74</b>	<b>52.40</b>	<b>6.33</b>	<b>0.00</b>	<b>20.91</b>	<b>95.32</b>

Tamén pregunta o formulario da plataforma polo cumprimento da obrigaçión de remisión dos informes da lei contra a morosidade a través da mesma. A resposta foi negativa, debido á falta de remisión dos informes de morosidade do primeiro, segundo e terceiro trimestre de 2019.

### 3.6 Información sobre operacións con derivados e outro pasivo continxente

Non se consignou ningún.

### 3.7 Prazo previsto de finalización do plan de axuste.

Unha vez cancelados os préstamos vinculados ao Plan de Axuste co FFPP, queda o cumprimento dos requisitos do artigo 3.4 RD-lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia:

- Estabilidade orzamentaria
- Regra de gasto
- Período medio de pago

Non se estima o cumprimento da estabilidade orzamentaria., polo que se mantén a vixencia do Plan de Axuste.

### 3.8 Publicidade do informe de seguimento

Segundo o art. 10 RD-lei 7/2012, este informe deberá elevarse a Pleno para a súa dación de conta.

Os datos contidos no mesmo, e o propio informe explicativo en formato pdf, deben volcarse na plataforma telemática de captura de datos habilitada para o efecto, e ser asinada pola Intervención a remisión, finalizando o prazo o 31 de xaneiro de 2021.

Rianxo, luns 31 de xaneiro de 2022

La interventora, Patricia Fernández Pérez

---

Este informe é unha tradución do remitido ao Ministerio de Facenda o 31/01/2022.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

### 3 ROGOS E PREGUNTAS

#### DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2022/G010/000004 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=C0cRFWUNicA>**